



“PRODESSE ET DELECTARE”


- Dende o noso espazo preténdese promover a lectura voluntaria e a elaboración de traballos de afondamento nalgún tema concreto que sexa de interese para o alumnado.

A programación da materia contén un amplio listado de obras relacionadas có mundo clásico e outro de dictiografía -en constante revisión- cos sitios e páxinas más útiles e interesantes da rede.


Os **obxectivos** tanto de carácter xeral como de índole mais concreta para fomentar o **incremento e gozo da lectura** foron acadados con un alto nivel de satisfacción nos seus diferentes niveis.

1. Listado de obras 2º Bacharelato

Proposta da CIUG




- a) Historiografía: Livio ***Ab urbe condita*** I, 56, 4-60.
("Episodio de Lucrecia")
- b) Épica: **Ovidio**, "Metamorfoses", I, 452-567; IV, 55-166;
X, 1-71.
- c) Lírica: **Catulo**, Selecta de poemas 51, 2, 86, 87, 109, 5, 7, 3, 85, 70, 8, 11.
- d) Teatro: **Plauto Pseudolus**



Tito Livio


confer “As Metamorfoses” de Ovidio **versus** “A metamorfose” de Kafka **versus** “Samsa namorado” de Murakami, relato incluído no seu libro “Homes sen sen mulleres” (**carácter**



2. Listado de obras 4º ESO/1 Bacharelato

1º TRIMESTRE (A ESCOLLER)

- “Así aman os deuses” Concha Romero
- “Un salmantino en Roma” Fernando Lillo
- “Ana e a sibila” Antonio Sánchez Escalonilla
- “Thermae Romae” Mari Yamazaki.
- “Gárdate dos Idus” Lola Gándara
- “A asombrosa viaxe de Pomponio Flato” Eduardo Mendoza



2º TRIMESTRE (A ESCOLLER)

- _Astérix en Hispania
- Os loureiros do César
- Astérix e Cleopatra
- A residencia dos deuses
- O agasallo do César
- O papiro de César



- Insultos de amor: grafitos pompeyanos

2. Listado de obras 3º ESO

- Diversos cantos da “**Odisea**” de Homero
- Selección de poemas de **Kavafis. (Ítaca)**
- **Epitafios** romanos.
- Selección de **Odas** de Horacio (*Carpe diem*)
- Diversos mitos de Ovidio : “**Las Metamorfosis**”
- “Eros e Psique” “**O asno de ouro**” de Apuleyo
- Conto do “Home lobo” Satiricón de Petronio



-O Departamento de Latín -en colaboración co Departamento de Grego- mantendo unha xa vella tradición, asistiu no mes de marzo as xornadas do **Festival de Teatro Grecolatino MMXVII**, evento creado pola **SEEC Galicia** co propósito de achegar as grandes obras de teatro grego e romano clásico aos estudantes do Ensino Secundario.

Este curso tivemos , no noso caso, como sede a cidade de Ourense . As obras representadas foron a traxedia **Medea** de Eurípides e a comedia **Pseudolus** de Plauto. A representación estivo a cargo do Grupo “El Ruisenor” quen co seu “bo facer” sen dúbida arrancou algunha bágoa e “Noite Bohemia” responsable de moitos sorrisos.

***DPTO DE LATÍN “AS VECES ENSINANDO,
SEMPRE APRENDENDO”***

SAPERE AUDE!

